

O sector primario

- **Acuicultura:** Actividade produtiva adicada á cría de vexetais ou animais acuáticos, mariños ou de auga doce que, mediante algún tipo de intervención no seu ciclo biolóxico permite controlar a súa reprodución e crecemento. Hai dous tipos: a acuicultura intensiva (piscifactorías) e a acuicultura extensiva (bateas de mexillóns)

- **Agricultura ecolóxica:** É un sistema de produción agraria que mantén a fertilidade do sol o a través do emprego de practicas agrícolas que evitan os produtos da agroindustria (sementes modificadas xeneticamente, fertilizantes químicos ou praguicidas). Para recibir o certificado de produción ecolóxica deben empregarse técnicas de policultivo como sistema natural de protección contra as pragas e un uso extensivo da terra que evite o seu esgotamento e garanta a sustentabilidade ambiental.

- **Denominación de orixe:** É a que distingue os produtos agroalimentarios que ofrecen unha calidade adicional por cumprir normas superiores ás obrigatorias de calidade estándar. Esa etiqueta indica unha produción que se axusta a unha localización xeográfica, pero tamén pode estar diferenciando o emprego duns métodos determinados na elaboración de acordo cuns coñecementos ancestrais que elevan a súa calidade. Moitas veces o emprego de técnicas artesanais ou tradicionais indican un maior respecto do medio ambiente para a súa obtención.

- **Desagrarización:** É o proceso que consiste na paulatina perda da importancia económica do sector primario no PIB e o emprego dun país. A industrialización e posteriormente a terciarización da economía producen unha desvinculación dos habitantes das zonas rurais respecto da agricultura, a gandería e a explotación forestal en favor de actividades do secundario e terciario o que dá lugar a unha transformación dos lugares de traballo, das vivendas e dos valores sociais.

- **Explotación intensiva:** É un sistema de produción agrario ou gandeiro localizado sobre unha superficie moi limitada de terreo, que despois de utilizar métodos modernos de produción e unha gran inversión de capital e traballo en abonos e maquinaria, eleva o rendemento por hectárea e posibilita máis dunha colleita anual.

- **Política Pesqueira común (PPC):** Programa da Unión Europea encamiñado a garantir o abastecemento de peixe en boas condicións e de calidade a través dunha pesca sustentable sen minguar o desenvolvemento económico das poboacións do litoral. Para lograr eses obxectivos establece cotas de capturas aos estados membros para limitar ás extraccións das especies comercializables máis ameazadas de xeito que se manteña a competitividade sen deteriorar os ecosistemas mariños. Eses obxectivos foron determinados na última modificación da PPC que tivo lugar en 2013.

- **Silvicultura:** Actividade produtiva que ten por obxecto o cultivo, a conservación e o aproveitamento dos montes. O seu principal cometido é a explotación de madeira, aínda que tamén actúa sobre a protección e a rexeneración dos montes e os seus solos, sobre a prevención de incendios e pragas e sobre o desenvolvemento dos variados usos que nos pode ofrecer o monte.